

ILMO. CONCELLO DO GROVE

- 5 MAR. 2007

SAÍDA N.º

1325

CARLOS ÁLVAREZ BESADA
Concelleiro- Portavoz do BNG

Pola presente, comunícolle que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 1 de marzo de 2007 adoptou entre outros o seguinte acordo:

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN ARQUITECTO PARA CUBRIR A PRAZA VACANTE NA PLANTILLA DO PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA NO CONCELLO DO GROVE.

Visto o Recurso presentado por Carlos Álvarez Besada, como Concelleiro-Portavoz do grupo municipal do BNG en relación coas Bases da Convocatoria do citado contrato e publicadas no BOP de Pontevedra nº 18 de 25 de enero de 2007, a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 1 de marzo de 2007 acorda:

PRIMEIRO.- ESTIMAR parcialmente o recurso presentado e concretar o tipo de contrato de duración determinada dacordo ó establecido no artigo 15.1.A) do Estatuto dos Traballadores, modificando as bases no seu punto 2º que quedarán redactadas do seguinte xeito:

“ 2º.- CLASIFICACIÓN DA PRAZA

A praza que se convoca está encadrada dentro do cadro do persoal laboral de duración determinada do Concello do Grove, a cal formalizarase a través dun contrato laboral na súa modalidade de obras ou servizo determinado cun prazo de duración de dous anos.”

SEGUNDO.- Non abrir un nuevo prazo de presentación de solicitudes por entender que non se produciu un cambio sustancial no contido e espírito nas bases da citada convocatoria.

TERCEIRO.- DESESTIMAR o resto das alegacións presentadas por carecer de fundamento xurídico.

CUARTO.- REMITIR ó BOP de Pontevedra para a súa publicación, a aclaración do tipo de contrato laboral de duración determinada para contratación de Arquitecto para o Concello do Grove quedando redactado o punto segundo das bases publicadas o día 25 de enero de 2007 do seguinte xeito:

“ 2º.- CLASIFICACIÓN DA PRAZA

A praza que se convoca está encadrada dentro do cadro do persoal laboral de duración determinada do Concello do Grove, a cal formalizarase a través dun contrato laboral na súa modalidade de obras ou servizo determinado cun prazo de duración de dous anos.”

Recurso contencioso-administrativo.

O recurso contencioso-administrativo pode ser interposto directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de se-lo caso.

O prazo para interpoñer este recurso é de dous meses contados dende o día seguinte á data de notificación do presente acordo se non se interpuxo recurso de reposición. Ou

tamén transcorridos dous meses, pero contados dende o día seguinte ó que lle sexa notificada a resolución expresa do recurso de reposición ou dende a data en que transcorra un mes da interposición do devandito recurso de reposición, se se interpuxo potestativamente.

O Grove, 5 de marzo de 2007

O Secretario

Francisco Javier Novoa Juiz

